

Terra Eo-Navia

Edición xestionada pola [Asociación Abertal](#)

LINGUA

Un eonaviego é nomeado membro do Círculo Lingüístico de Praga

O pasado 5 de Decembro de 2005, o profesor eonaviego Xavier Frías-Conde pronunciou a súa conferencia de ingreso no histórico Círculo Lingüístico de Praga. A súa entrada oficial na egrexia institución tivo lugar o pasado de 10 de Abril.

- 14:40 10/05/2006

O profesor da Universidade da Bohemia Occidental en Pilsen (www.zcu.cz) Xavier Frías-Conde foi nomeado o pasado 10 de Abril membro do Círculo Lingüístico de Praga (<http://www.bohemica.com/plk>), institución histórica da lingüística europea e mundial, que volveu rexurdir despois da queda do comunismo en Chequia.

O profesor Frías-Conde falou da voz media nas linguas románicas (<http://www.bohemica.com/plk/PLK0512.html>), citando entre elas o galego. Este lingüísta eonaviego é até agora o único representante galegófono, e mesmo español, do Círculo Lingüístico. A conferencia tivo lugar no 5 de Decembro de 2005 e a ela acudiron membros históricos desta institución. Coa presenza do profesor Frías no CLP cómpre esperar que a nosa lingua sexa aínda máis coñecida na República Checa, onde outras linguas, coma o catalán, gozan dun excelente estado de saúde entre os estudantes (www.epep.cz).